



CARTA DO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE EFAS

La ilusión no cuesta dinero

El mes de mayo está lleno de celebraciones y acontecimientos en todas las culturas. La propia naturaleza acompaña, en un estallido de vida y de color, para que las cosas se vean en positivo. Tal vez por eso, resulta más irritante que en la mayoría de los medios de comunicación, se dedique preferentemente la atención a lo negativo, lo escabroso, lo sucio.

Parece como si, la continua repetición sobre la temática de los muertos en carretera, la violencia de género, la crisis económica, la pedofilia, etc. fuera una actuación que eliminase o redujese el problema, cuando, por el contrario, el hacer rutina de tales desgracias sólo consigue que se conviertan en pauta de la sociedad actual.

Me encantaría leer una columna destacando que un joven ayudó a cruzar la calle a un anciano. Que aquella pandilla, después de la celebración, recogió todos los papeles, latas y botellas usados en el festejo. Que hubo un alumno no llegó al sobresaliente por dedicar parte de su tiempo a ayudar al compañero en apuros, etc. Serían atractivos y crearían alguna ilusión y esperanza en el lector.

Ilusión, qué grata palabra y qué noble sentimiento. Cuando las cosas se hacen con ilusión, llevan el premio puesto. Porque además, con ilusión es imposible hacer nada malo o negativo; son otros los vocablos que acompañan a tales actos. La ilusión da alegría en el alma, esperanza en el resultado, confianza en la actuación, ánimo en la búsqueda, éxito en el final. ¡Ah, y además, no cuesta dinero!.

Por eso, después de un año, sigo trabajando para EFA Galicia con toda ilusión, pasándolo bien, pero que muy requetebién como dicen algunos chuletas madrileños, porque mucho es lo bueno y positivo; y lo poco que ha sido de otra forma -quepodría haber salido en las noticias-la ilusión lo ha convertido en positivo, pues no hay nada en esta vida de lo que no pueda extraerse algo bueno y agradable. Gracias a vosotros, Fonteboa, Piñeiral y A Cancela. Gracias por darme la oportunidad de ilusionarme con vuestro día a día.

Gabriel TIRAPU

Recordos



José Pombo

O neno que sempre caeo de pé

Non o sei, pero calculo que non haberá moitos antigos alumnos que foran o líder, presidente ou representante elixido do seu curso ao longo dos cinco anos que duraron os seus estudos. Pepe Pombo Boquete (Laracha, 1975) si o foi, e el mesmo se asombra porque considera que non ten especiais dotes de goberno nin de convicción, e de feito non se dedica agora -e ben podería facelo- á política nun Laracha natal. O indiscutible é que fala como unha metralladora.

Relacionado co liderado, Pepe recorda que lle tocou estar á fronte dun paro protagonizado polos seus compañeiros, os de 5º do ciclo, pola peregrina cuestión de poñer ou limpar o comedor, sendo director xa Luis García. E seguen tan amigos.

Gustoulle a alternancia

Como non se vía con ganas de atacar os estudos de BUP, nin de meterse na FP de mecánica, como a maioría dos amigos que coñecía, en canto rematou a antiga EGB optou por "Fonteboa" centro de formación ao que viña un primo seu. E gustoulle. Tamén é verdade que viña avalado polo ambiente familiar pois na casa había unha explotación gandeira, e iso do campo o tiraba.

Empezou no curso 88-89, e con el viñeron seis alumnos máis de Laracha. Pero cada un a cuartos distintos. Iso non foi problema, nin tampouco ter que convivir con mayorzotes -iso parcialle aos seus 14 anos os de 19 ou 20- nin o réxime de alternancia. Todo lle gustaba, agás algunhas comidas, pero afíxose pronto. Por iso, falando con Pepe tense a impresión de que todo lle saíu redondo, que caeu de pé do queira que fose.

Sentido práctico

Os estudos, pasables; pero as prácticas, moito mellor. Todo o de Ciencias se lle daba ben, pero nas materias de Letras era un desastre. Así foi pasando curso tras curso, e ao rematar o ciclo en "Fonteboa", ao formularse ir a traballar ou estudar, decídese polo segundo. ¡Isto non me cadra! ¿Non me dixeras que viñeches á EFA porque non querías estudar BUP?

-É que eu son moi práctico, di Pepe. E aos 19 anos non estaba para traballar, así que a Lugo a estudar, e alí fixen enxeñaría. Certamente Pepe Pombo ten un sentido moi práctico -moi pillo ou raposo, dirán outros- de enfocar o arduo. E sempre se inclina por aquilo que máis domina. Na EFA fixo o proxecto de final do ciclo sobre un aspecto das explotacións gandeiras, porque era o que el máis coñecía e menos complicacións lle supoñía.

Continua...

EFA PIÑEIRAL

Mirando o futuro profesional de fillas, irmás, primas, sobriñas e demais familiares -incluídas noivas tamén ¡porqué non!-, os que coñecestes "Fonteboa" podeades desexar algo similar para elas.

Pois tédelo preto, en Arzúa, e é "Piñeiral" unha EFA que ofrece os estudos de ciclo medio de Comercio, os de Panificación-repostaría e os de Auxiliares de enfermaría; tamén pode cursarse alí o ciclo superior de Xestión Comercial e marketing. Aínda que podeades conseguir máis información e datos sobre como chegar -é doado, pois esa EFA é tan coñecida como o pode ser "Fonteboa" en Coristanco e os seus arredores na zona de Arzúa-Melide- entrando e buscando Piñeiral na páxina web www.efagalicia.org. Non obstante facilitamos o teléfono 981.500580, e a dirección -Santa María s/n, 15810 Arzúa- para completar o servizo.

Cando ten que facer a memoria de licenciatura da carreira, en Lugo, presentouna sobre os invernadoiros, porque entón era o que máis a man tiña.

E agora traballa en tres fronteiras, en tres actividades de servizos ao sector agropecuario, pasando da gandaría, á enxeñaría e á xardinaría. E di que todo lle gusta.

Bos recordos de todos

Con todos se levou ben, e ten palabras agradecemento para os profesores e monitores. Igual lle acontece cos seus compañeiros de promoción, cos que segue véndose con frecuencia, sen fallar polo menos á comida anual.

Pero hai uns nomes que se lle veñen á boca antes que outros. Por algo será. José Figueroa (-¡Tengo moitas ganas de volver velo!). José Antonio López Domínguez. E dos seus compañeiros xorden de corrido dous nomes: Ignacio Fernández Pose e José Eladio Rodríguez. Pero seguiría con catorce máis porque se acorda de todos. Non lle deixa o teléfono móbil, que é o seu deporte. Chámanlle e Pepe Pombo chama sen parar, Se vai que ten facilidade de palabra.
J.M.ECHEVARRÍA

FOTO CON RETREANCA



Á primeira vista é un invernadoiro. Certo. Pero ese túnel de plástico oculta o que se cultiva dentro. Ademais, segundo dende onde mires, te tapa o conxunto de San Paio. Pois algo así acontece co "Baúl" que quere ser escaparate de "Fonteboa" para os antigos alumnos e máis amigos, pero hai cousas que se ocultan e non se mostran porque os que deberían mostralas -trátase de escribir un artigo, facilitar unhas fotos, facer a recensión dun visita de estudos, etc.- non o fan. E sácase a falsa imaxe de que en "Fonteboa" non acontece nada, cando iso non é certo, porque non pairamos de lanzar ideas e de poñelas en práctica. Mesmo me din que "Fonteboa" foi premiada como entidade emprendedora.

Alguén tiña que facilitar con detalle o dato, pero non aconteceu. Quedou dentro do túnel de plástico, do túnel do esque-cemento. Confiemos en que con este pé de foto con tanta retranca, algúns déase por aludidos.

E a novidade máis recente é un baixorrelevo cunha imaxe sedente da Virxe co Neno, policromada, de maior tamaño ás que houbo ata agora, enmarcada nun recadro cun fondo de tea, co cal queda realzado o xesto maternal da Virxe.

Na capela rézase mellor



-Aquí hai algo novo. Isto mellorou. É o comentario común cando se entra na capela de "Fonteboa".

Iso nótase, aínda que ao principio non se sabe precisar en que consiste a mellora. En exemplares anteriores do "Baúl" informouse dos novos detalles que don Ignacio Sarabia, o actual capelán, ía colocando. Unha vez falouse do novo retablo; outra do frontal do altar alixeirado; dos candeiros; do chan posto da parte traseira, etc. Detalles que sempre supoñían unha mellora porque alí, que é o que importa, rézase mellor.

Moi recentemente hai dúas novidades: haberá tres semanas que se colocaron unhas ventás con vidreiras chumbadas, no ventanal de detrás, que sen ser exactamente iguais fan xogo coas de diante, co cal a luz queda máis esvaída, máis acolledora.

Ainfogra.com

Para modernizar a xestión no medio rural é incuestionable que a informática debe intervir. E para iso naceu Ainfogra, que é un proxecto, iniciado en 2006, dirixido a achegar o software Libre as explotacións agrogandeiras a través da difusión, formación e desenvolvemento dun Software de Xestión Integral específico para o medio rural.

Na actualidade séguese traballando por e para que os obxetivos prantexados chegan a xente. Neste sentido recentemente tivo lugar a presentación da nova versión do software AinfoVac 0.4.1, que é unha nova ferramenta libre e gratuita, que supón un avance cuantitativo e cualitativo importante respecto a última versión publicada en novembro de 2007.



ainfogra
aula informática agraria

Os que non puideron asistir e estades interesados nesta ferramenta podeades enlazar coa entidade promotora a través do correo electrónico.
ainfogra@efagalicia.org

Proxecto Recial

HAI QUE DEIXAR BO SABOR DE BOCA

Esta é unha iniciativa que pode interesar aos que estades comprometidos co rural. Trátase de xuntar esforzos de todos, especialmente dos pequenos empresarios -as pymes locais- de zonas de Galicia, que parecen deixadas da man de Deus, para facer deses enclaves uns sitios que atraían outras xentes. E non é ningunha utopía. Xa se traballa niso.

É máis que proporcionar un bo aloxamento, excelente comida e espaxamento, aspectos que poden conseguirse con establecementos de turismo rural. Trátase de facer desas zonas auténticos lugares de acollida, sitios que apeteza visitar, e mesmo residir, polos encantos físicos da paisaxe, os ambientais que alí se teñen e as facilidades de vida que se agruparon.

Haberá que conseguir unha rede comercial suficiente, talleres de atención a vehículos, lugares de venda directa, diversidade de festas e celebración, vivendas e prazas residenciais e moitas máis achegas que os propios deses lugares han de lograr. Aí teñen cabida agricultores, gandeiros, operarios, amas de casa, industriais, comerciantes, profesionais do ocio, da hostalaría, xente do mar... ¿Por que non potenciar nun lugar concreto a cultura celta coas súas fantasías, lendas, costumes arcaicos, historias, druídas e mesmo fantasmas?

Trátase, en resumidas contas, de espertar nos propios agricultores que eles son os actores principais do seu desenvolvemento, contando loxicamente coa axuda que pode virilles de arriba unha vez que teñen un proxecto en funcionamento.

RECIAL (Rede de Cooperación intersectorial de Acogida Local) xa ten dúas redes en expansión, ambas as dúas pola Costa da Morte, Se queredes máis datos, podeades acceder a www.adterra.es e dende aí facilitaríasevos máis información.